

X CARREIRA POLA RÍA DO BURGO

18 DE XUÑO 2023

REGULAMENTO

1.-O Concello de Culleredo organiza, en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e a Deputación da Coruña, a X Carreira pola ría do Burgo, prevista para o domingo 18 de xuño. A proba forma parte do IX Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña.

2.-DENOMINACIÓN. A proba recibe a seguinte denominación: "X Carreira pola ría do Burgo".

3.-DATA E LUGAR. A proba celebrárase o domingo 18 de xuño no paseo marítimo da ría do Burgo, no termo municipal de Culleredo, con saída e meta nas instalacións situadas ao pé da ría, na zona das pistas polideportivas

4.-CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS: Establécense as seguintes categorías, en función da data de nacemento dos participantes, coas súas correspondentes distancias

5.-INSCRICIÓNS: Permanecerán abertas dende o mércores 31 de maio ás 00:00 horas ata as 23:59 do mércores 14 de xuño na web www.carreirasgalegas.com; o prezo da mesma será de 5 euros na carreira dos 6 km da proba absoluta. O número máximo de participantes será de 999.

	CATEGORÍA	IDADE	DISTANCIA	HORA
MENORES SEN CLASIFICACION	Pequerrecho	Nados/as en 2018-2019	70 m aprox	12:55
	Prebenxamín	Nados/as en 2016-2017	110 m aprox	12:45
MENORES	Sub10	Nados/as en 2014-2015	1100 m aprox (1 volta pequena)	12:35
	Sub12	Nados/as en 2012-2013		
	Sub14	Nados/as en 2010-2011	2130 m aprox (2 voltas pequenas)	12:10
	Sub16	Nados/as en 2008-2009		
	Sub18	Nados/as en 2006-2007		
ABSOLUTA	Sub20	Nados/as en 2004-2005	6 km aprox.	11:00
	Sub23	Nados/as en 2001-2002-2003		
	Sénior	Nados/as en 2000 ata 1989		
	Máster 1	Nados/as en 1988 ata 1983		
	Máster 2	Nados/as en 1982 ata 1973		
	Máster 3	Nados/as en 1972 ata 1963		
	Máster 4	Nados/as antes do ano 1963		

6.-PREMIOS: Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina de todas as categorías, agás todos os nenos e nenas participantes nas categorías pequerrechos e prebenxamín que recibirán unha medalla.

X CARREIRA POLA RIA DO BURGO

18 DE XUÑO 2023

7.-DORSAIS E CRONOMETRAXE: A proba estará cronometrada pola Federación Galega de Atletismo. Os chips de cronometraxe irán adheridos ao dorsal e poderán recollerse entre o venres 16 de xuño de 18:00 horas a 20:30 horas e o sábado 17 de xuño de 11:00 a 13:00 horas e de 18:00 a 20:30 horas na caseta de turismo do paseo marítimo (recinto ferial do Burgo-Ponte do Burgo [43.315972](https://www.112.es/numero/43315972), [-8.361034](https://www.112.es/numero/-8361034)), ou ben na zona de saída e meta entre as 9:00 e as 10:30 horas o mesmo día da carreira. Cronometraranse electronicamente todas as categorías agás a de pequerrechos e prebenxamín.

8.-AVITUALLAMENTO: Será na zona de meta para todas as categorías.

9.-OBSEQUIO DE PARTICIPACIÓN. Cada participante terá acceso, coa inscrición, a unha bolsa conmemorativa, que será entregada no momento de retirada de dorsais.

10.-SERVIZOS. Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba. Non haberá servizo de vestiarios, duchas ou gardarroupa.

11.-RECLAMACIÓN. As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da Competición non máis tarde de trinta minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da F.G.A., e R.F.E.A. en vigor.

12.-MÁIS INFORMACIÓN na web www.carreirasgalegas.com

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de protección de datos, a persoa interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Gasgow 13 15008 A Coruña.

X CARREIRA POLA RIA DO BURGO

18 DE XUÑO 2023

Percorrido de 6 Km



En vermello a parte común de ida e volta, en amarelo a parte do circuito máis lonxano.

Percorrido de 900 m

